



## **RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A ELABORACIÓN DA EXPOSICIÓN SOBRE O AUTOR HOMENAXEADO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2016, MANUEL MARÍA FERNÁNDEZ TEIXEIRO.**

### **ANTECEDENTES**

1. A Secretaría Xeral de Política Lingüística convocou o 20 de outubro de 2015 un concurso para a elaboración dunha exposición sobre a obra, a época e a lingua do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2016 — Manuel María Fernández Teixeira —, e/ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica na que este viviu.

2. O obxecto deste concurso foi a elaboración dunha exposición de 10 carteis sobre Manuel María Fernández Teixeira e dun caderno didáctico que guíe a observación dos carteis e fomenta o labor de investigación do alumnado sobre a obra, a época, a lingua e a etapa sociolingüística do autor homenaxeado.

3. Neste concurso puideron participar todos os centros de ensino non universitario de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

4. A convocatoria estableceu dúas categorías:

- a) Para os centros de educación infantil e primaria.
- b) Para os centros de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, de formación profesional e para os restantes centros de ensinanzas especiais: ensinanzas artísticas (de arte dramática, de artes plásticas e deseño, de conservación e restauración, de danza, de deseño, de música), ensinanzas deportivas e ensinanzas de idiomas.

5. A xestión da convocatoria realizouse conforme ás bases da convocatoria.

Unha vez recibido o ditame do xurado, que valorou os traballos presentados segundo o establecido na convocatoria,

### **RESOLVO**

- Agradecerlles a todos os participantes o seu traballo e esforzo.
- Declarar gañador do concurso na categoría a) educación infantil e primaria a exposición “Soñando Galicia con Manuel María”, elaborada polo CEIP ADR Castelao de Rianxo (A Coruña), que recibirá o premio establecido na base 6.



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa San Roque,2  
15781 Santiago de Compostela  
Tfno.: 881 996 301  
Fax: 881 996 308  
[www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega)

**galicia**

- Declarar deserto o premio do concurso na categoría b) educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e restantes centros de ensinanzas especiais.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2015

Valentín García Gómez



Secretario xeral de Política Lingüística